

## NOTA INFORMATIVA:

### PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

#### CURSO ACADÉMICO 2022-2023

→ Normativa reguladora do procedemento de admisión (poden consultala nos documentos adxuntos).

Decreto 13/2022, de 3 de febreiro.

Orde do 12 de marzo de 2013.

→ Prazo de presentación das solicitudes de admisión (ver documento adxunto ANEXO II) no centro educativo a disposición da comunidade educativa): **do 1 ao 21 de marzo de 2022.**

#### **CUESTIÓNS A TER EN CONTA:**

1º. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

a) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso. En caso de que a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, **abrirase un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión,** para achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo.

**O criterio complementario do noso centro educativo,** equivalente a 1 punto no baremo, **é que a residencia habitual ou familiar do alumno/a solicitante se atope na área de influencia.** Deberá acreditarse esta situación polos mesmos procedementos, expostos no Decreto 13/2022, de 3 de febreiro.

b) Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular

reclamación.

- ✓ *Data do sorteo público a efectos de desempate: última semana de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo. Sorteo celebrado o mércores 23 de febreiro, ás 10h. Conforme ao resultado do sorteo, as letras e prioridade que afectan ao **primeiro apelido son as letras V e U**; así mesmo, afectan ao **segundo apelido, as letras A e Z**.*

- ✓ Publicación de postos escolares vacantes: antes do 1 de marzo.

- ✓ Presentación da solicitude de admisión: **do 1 ao 21 de marzo.**

Poderán acudir ao centro a solicitar un formulario ou poderá facerse tamén vía telemática.

- ✓ Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: 10 días hábiles contados a partires dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

- ✓ Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas:  
**antes do 25 de abril.**

- ✓ Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas:  
**antes do 15 de maio.**

- ✓ **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria: do 20 ao 30 de xuño.**

c) Prazo para formalizar a matrícula (**do 20 ao 30 de xuño**) que deberá axustarse ao modelo normalizado do ANEXO III (publicarase na web). Poderán acudir ao centro a solicitar un formulario.

d) Centros que ten adscritos, e adscrición do centro a outro ou outros:

### **CRA Ponte da Pedra e IES Monteneme.**

e) Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes.

l) Servizos complementarios que ofrezca o centro, identificando a normativa concreta que os regule:

- Madrugadores: tramitado e organizado desde o Concello de Carballo (no caso de que haxa suficientes solicitudes).
- Transporte escolar:
  - Real Decreto 443/2001, do 27 de abril.
  - Decreto 65/2014, do 28 de maio.
- Comedor escolar:

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto.
- Orde do 21 de febreiro do 2007.
- Instrucción 3/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2021-2022.